



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Ciencias da Saúde.

Grao en Terapia Ocupacional

Curso académico 2016/17

TRABALLO FIN DE GRAO

**Violencia de xénero e Terapia Ocupacional:
unha revisión bibliográfica.**

Elena Varela Molina

Xuño 2017

Directoras:

Nereida María Canosa Domínguez. Terapeuta ocupacional. Profesora do Grao en Terapia Ocupacional. Facultade de Ciencias da Saúde. Universidade da Coruña.

María Sobrido Prieto. Profesora do Grao en Terapia Ocupacional. Facultade de Ciencias da Saúde. Universidade da Coruña.

ÍNDICE

RESUMO ESTRUTURADO	3
RESUMEN ESTRUCTURADO.....	4
STRUCTURED SUMMARY	5
1. INTRODUCCIÓN.....	6
1.1. Xénero e sociedade.....	6
1.2. Violencia de Xénero.....	7
1.3. Violencia de Xénero e Terapia Ocupacional.....	9
2. FORMULACIÓN DA PREGUNTA DE ESTUDO	12
3. METODOLOXÍA.....	13
3.1. Criterios de selección	13
3.2. Estratexia de procura.....	14
3.3. Variables.....	14
3.4. Selección de artigos	15
4. RESULTADOS.....	17
4.1. Resultados bibliométricos.....	17
4.2. Resultados temáticos	24
5. DISCUSIÓN	27
6. CONCLUSIÓNS.....	31
AGRADECEMENTOS	32
BIBLIOGRAFÍA REFERENCIADA	33
APÉNDICES.....	36
Apéndice I. Índice de acrónimos	36
Apéndice II. Resultados bibliométricos.....	37
Apéndice III. Resultados temáticos	40
Apéndice IV. Estratexia da procura bibliográfica	41
Apéndice V. Selección final de artigos.....	43

RESUMO ESTRUTURADO

Introdución: Actualmente, a Violencia de Xénero constitúe un grave problema de saúde pública que afecta a miles de mulleres arredor do mundo. Dende a Terapia Ocupacional, este fenómeno podería ser considerado unha situación de “deprivación ocupacional” xa que a restrición en ocupacións significativas para a muller é unha pauta definitoria deste tipo de violencia.

Obxectivos: Coñecer e explorar a investigación que existe con respecto á abordaxe da Violencia de Xénero dende a Terapia Ocupacional, destacando a diversidade que existe dentro da literatura científica.

Metodoloxía: Realizouse unha análise bibliográfica sobre a produción científica actual en 6 bases de datos diferentes. Do número total de artigos localizados, elimínanse os duplicados e realízase un filtrado manual a través dos criterios de inclusión e exclusión, obtendo finalmente 14 artigos. Analízanse diversas variables.

Resultados: O período de publicación enmárcase dende o ano 2001 ao 2016. A maioría dos estudos empregan unha metodoloxía cualitativa, a través de estudos fenomenolóxicos. Gran parte da produción científica procede de revistas e autoras/es estadounidenses, existindo un notable predominio anglosaxón. Dentro das temáticas emerxeron diversas formas de entender e intervir como terapeutas ocupacionais en situacións de Violencia de Xénero.

Conclusións: Necesidade de promover e potenciar as liñas de investigación referidas á Violencia de Xénero e a Terapia Ocupacional, continuando con novas formas de aproximarse dende unha mirada crítica a este fenómeno.

Palabras clave: Violencia de Xénero, Terapia Ocupacional, literatura científica.

Modalidade de traballo: Revisión bibliográfica.

RESUMEN ESTRUCTURADO

Introducción: Actualmente, la Violencia de Género constituye un grave problema de salud pública que afecta a miles de mujeres alrededor del mundo. Desde la Terapia Ocupacional, este fenómeno podría ser considerado una situación de “deprivación ocupacional” ya que la restricción en ocupaciones significativas para la mujer es una pauta definitoria de este tipo de violencia.

Objetivos: Conocer y explorar la investigación que existe con respecto al abordaje de la Violencia de Género desde la Terapia Ocupacional, destacando la diversidad que existe dentro de la literatura científica.

Metodología: Se realizó un análisis bibliográfico sobre la producción científica actual en 6 bases de datos diferentes. Del número total de artículos localizados, se eliminan los duplicados y se realiza un filtrado manual a través de los criterios de inclusión y exclusión, obteniendo finalmente 14 artículos. Se analizan diversas variables.

Resultados: El período de publicación se enmarca desde el año 2001 al 2016. La mayoría de los estudios emplean una metodología cualitativa, a través de estudios fenomenológicos. Gran parte de la producción científica procede de revistas y autoras/es estadounidenses, existiendo un notable predominio anglosajón. Dentro de las temáticas emergieron diversas formas de entender e intervenir como terapeutas ocupacionales en situaciones de Violencia de Género.

Conclusiones: Necesidad de promover y potenciar las líneas de investigación referidas a la Violencia de Género y la Terapia Ocupacional, continuando con nuevas formas de aproximarse desde una mirada crítica a este fenómeno.

Palabras clave: Violencia de Género, Terapia Ocupacional, literatura científica.

Modalidad de trabajo: Revisión bibliográfica.

STRUCTURED SUMMARY

Introduction: Nowadays Violence Against Women represents a severe public-health problem that affects thousands of women around the world. From an Occupational Therapy perspective, this phenomenon may be considered an "occupational deprivation" situation since significative women occupations restriction shows the defining degree of this type of violence.

Objetives: Going into the Violence Against Women investigation with regard the Occupational Therapy point or view, highlighting the existing differences within the scientific literature.

Methodology: A bibliographical analysis has been conducted on the current scientific production in 6 different databases. According to the total number of found articles, duplicates are deleted and a manual filter is carried out through the inclusion and exclusion criteria, ultimately obtaining 14 articles. Different variables are analysed.

Results: The publication period falls from 2001 to 2016. Most of the studies uses a qualitative methodology, through phenomenological studies. Almost all of the scientific production come from US journals and authoresses/authors, existing a clear Anglo-Saxon predominance. Focusing on the themes several ways to understand and intervene as Occupational Therapist have emerged in Violence Against Women Situations.

Conclusions: The initiative to promote and strengthen the research lines referred to the Violence Against Women and the Occupational Therapy, continuing with new approximation methods from a critical look to this phenomenon.

Keywords: Violence Against Women, Occupational Therapy, Scientific Literature.

Work mode: Literature review.

1. INTRODUCCIÓN.

1.1. Xénero e sociedade.

A organización social da nosa sociedade está caracterizada por un sistema patriarcal no que se “manifesta e institucionaliza o dominio masculino sobre as mulleres, estando presente tanto no ámbito persoal coma no colectivo”: é o que chamamos patriarcado (Lerner, G. 1990).

Esta organización social repercute na construción do xénero, atribuíndolle determinados “conceptos sociais, comportamentos e actividades aos homes e as mulleres”, tal e como destaca a Organización Mundial da Saúde (OMS, 2017). Así pois, o xénero refírese a un construto social baseado nas convencións culturais, actitudes e relacións entre homes e mulleres, conlevando diferenza en canto ao poder e a autoridade (Krieger, 2003). As atribucións que se realizan dependen da cultura e dos valores de cada sociedade e do papel que representan as mulleres e os homes dentro desta, convertendo ao xénero nun determinante social da saúde (Comisión Sobre Determinantes Sociais da Saúde, 2009). Este reparto é desigual na gran parte das ocasións, ofrecéndolle lugares e posicións sociais diferentes aos homes e as mulleres, favorecendo a creación de desigualdades de xénero entre eles e elas.

A Organización das Nacións Unidas (ONU) estableceu unha serie de metas para alcanzar no ano 2030: é o que coñecemos coma os Obxectivos do Desenvolvemento Sostible (ODS). Concretamente, o obxectivo número 5 focaliza a súa atención en:

Lograr a igualdade entre os xéneros e empoderar a tódalas mulleres e nenas do mundo, destacando que: a equidade entre os xéneros non é só un dereito humano fundamental, senón a base necesaria para conseguir un mundo pacífico, próspero e sostible (ONU, 2016).

Así pois, o xénero repercute nas oportunidades e posibilidades que unha persoa ten ao longo da súa vida, situando ao sexo feminino nun lugar

secundario e inferior, e polo tanto, en desigualdade co masculino. Dentro da sociedade os dous sexos teñen asignados papeis diferentes. “Estes distintos valores e actitudes presentes dende o comezo do proceso de socialización, transmítense dende o fogar, confírmanse na escola e expándense a través dos medios de comunicación.” (Borrell e Artazcoz, 2007)

1.2. Violencia de Xénero.

A violencia de xénero considérase a máxima expresión do patriarcado, atacando directamente á saúde e integridade das mulleres. En España, a Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, define a esta coma:

A manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres, exercéndose sobre estas por parte de quen sexa ou fora cónxuxe ou de quen estea ou estivera ligado a ela por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia e comprende a todo acto de violencia física e psicolóxica, incluídas as agresións á liberdade sexual, as ameazas, as coaccións ou a privación arbitraria da liberdade. (Lei Orgánica 1/2004, Violencia de Xénero).

Este recoñecemento a nivel legal, supón un gran avance en materia de igualdade, xa que queda tipificado que se trata dun tipo de violencia específico e que só se pode entender por unha construción desigual dos xéneros na nosa sociedade.

Ao igual que en España e con anterioridade, no ano 1993, a ONU recoñece a nivel mundial que a violencia contra a muller (“*Violence against women*”, termo oficial) é un problema de saúde pública moi grave que afecta a millóns de mulleres no mundo e que constitúe unha auténtica violación dos dereitos humanos. (Organización Mundial da

Saúde, 2016). Este recoñecemento ten antecedentes históricos tales como a Convención sobre a Eliminación de tódalas formas de Discriminación contra a Muller, no ano 1979, onde xa se define este tipo de violencia como algo específico contra elas, sendo desproporcionada e baseada na concepción inferior das mulleres na sociedade. (ONU, 1979).

Todas estas medidas, tomadas a nivel local, nacional e internacional permiten mellorar e favorecer a creación de recursos, tanto humanos coma materiais, que poidan influír nestas situacións, promovendo unha maior implicación profesional no fenómeno da violencia de xénero.

Na actualidade as cifras dispoñibles que existen indican que arredor dunha de cada tres mulleres, 800 millóns a nivel mundial, sofren violencia inflixida pola súa parella (relacións heterosexuais) en algún momento da súa vida. Globalmente, ata un 38% dos asasinatos femininos son perpetrados por un home que ten ou tivo unha relación afectiva con ela. Concretamente en España, entre os anos 2000 e 2015, foron asasinadas 993 mulleres a mans das súas parellas. (INE, 2016).

Todas estas cifras destacan a magnitude deste problema de saúde pública que afecta sen distinción, en maior ou menor grado, as mulleres de todo o mundo, xa que a súa representación e valor social é común nos diferentes países: sempre en inferioridade cos homes.

Leonor Walker, psicóloga especializada en cuestións de xénero e autora da “Teoría do ciclo da violencia” no ano 1979, describe e analiza a violencia de xénero en tres etapas clave, tal e como se presenta na figura 1. Estas fases sempre ocorren dunha forma cíclica, na mesma orde. A evolución do propio proceso de violencia é crecente e positivo, converténdose en explosivo e incontrolable co paso do tempo.



Figura 1. Ciclo da violencia de xénero. Fonte: Creación propia. Leonor Walker (1979) Teoría del ciclo de la violencia. Libro: El Síndrome de la Mujer Maltratada.

Na primeira fase, o maltratador empeza a acumular enfado, irritabilidade e tensión, reaccionando ante calquera comportamento que proveña da muller. Na segunda, existe unha perda de control que se converte nun castigo directo, podendo haber golpes, insultos, ameazas, castigos, violacións, entre outras agresións. Finalmente, na terceira etapa, o agresor móstrase moi arrepentido e reitera que é un comportamento illado que non volverá ocorrer.

O ciclo repítese continuamente, sendo este cada vez máis agresivo e perigoso. (Walker L., 1979).

1.3. Violencia de Xénero e Terapia Ocupacional.

A Federación Mundial de Terapeutas Ocupacionais (WFOT) define a Terapia Ocupacional como:

Unha profesión da saúde centrada na persoa que promove a saúde e o benestar a través da ocupación. O obxectivo principal é o de permitir que as persoas participen nas actividades da vida cotiá. Os/as terapeutas ocupacionais logran este resultado ao traballar coas persoas e as comunidades para mellorar a súa capacidade de

involucrarse nas ocupacións que desexan, precisan ou espérase que fagan, ou modificando a ocupación ou o medio ambiente para apoiar mellor o seu compromiso ocupacional. (WFOT, 2012)

Cando se aborda a importancia da ocupación na vida das persoas, cabe destacar a natureza ocupacional de tódolos seres humanos. Isto reflíctese en que “tódalas persoas teñen un motivo ou necesidade básica da ocupación” e que esta é “a fonte primaria do sentido da vida”. (Kielhofner, 2006, p.66) As ocupacións conforman a nosa vida, dándolle significado e estrutura a esta.

Dentro dun marco de “xustiza ocupacional” (Townsend e Wilcock, 2004), elixir libremente as ocupacións e participar a través destas na comunidade, ofrece poder e representatividade á voz dos/as cidadáns/ás, podendo así actuar en equidade dentro da súa sociedade. Unha das posibles situacións de inxustiza ocupacional é a “deprivación ocupacional”, definida como “un estado de prolongada exclusión da participación en ocupacións de necesidade e/ou significado debido a factores que están fóra do control do individuo” (Whiteford, 2000). Así, a violencia de xénero podería ser considerada unha situación de “deprivación ocupacional” xa que a restrición en ocupacións significativas para a muller é unha pauta definitoria do fenómeno da violencia de xénero.

A saúde das mulleres que viven este tipo de procesos vese afectada a tódolos niveles: físico, mental e social. O acceso ao emprego ou a continuidade neste, o mantemento dunha vida social activa ou as actividades de autocoidado sofren alteracións de carácter progresivo, chegando a niveles insostibles nos que a vulnerabilidade da muller é extrema. (Gutman et al, 2004)

Os efectos da Violencia de Xénero teñen un impacto xeneralizado nas ocupacións das mulleres que a viven, repercutindo nos roles, nas rutinas e na participación e interacción co seu entorno diariamente (Javaherian et

al, 2015). Ademais, ao abandonar unha situación abusiva, poden ter que enfrentar barreiras que reducen a súa oportunidade a acceder a servizos, apoios e intervencións (Yoshida et al, 2009).

Dende a Terapia Ocupacional, Anthea Cage (2007) destaca a importancia da educación dos/as terapeutas ocupacionais en materia de violencia de xénero, “xa que podemos, sen sabelo, seguir perpetuando a inxustiza ocupacional por sentir que está fóra do noso ámbito de traballo ou simplemente por descoñecemento dos signos e síntomas que a caracterizan.”

É por isto polo que é de gran importancia continuar coa investigación neste campo. Precísase dunha maior actividade investigadora para comprender as necesidades de recuperación das mulleres en situación de Violencia de Xénero, incluíndo as perspectivas e as necesidades que presentan (Keiter, Bess e Mowery, 2013).

Tal e como sinalaba a Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, a Violencia de Xénero non é unha cuestión de carácter privado, senón que é de disposición pública, sendo necesaria a participación da toda a cidadanía para a súa erradicación.

Esta situación afecta a tódolos ámbitos da vida coma ó traballo, á saúde e á educación, entre outras. Así pois, a abordaxe da Violencia de Xénero debe de ser multidisciplinar para ser efectiva e integral. Debe de existir unha implicación social na loita contra ela, traballando dende as diferentes perspectivas, aportando diversos coñecementos pero unificando as forzas como profesionais para a súa eliminación.

2. FORMULACIÓN DA PREGUNTA DE ESTUDO.

O **obxectivo xeral** desta revisión bibliográfica é coñecer e explorar a investigación que existe con respecto á abordaxe da violencia de xénero dende a Terapia Ocupacional.

Os obxectivos específicos que se establecen son os seguintes:

- Destacar as diferenzas entre os diversos enfoques profesionais.
- Abordar as diferentes temáticas que poidan xurdir con respecto ao fenómeno da Violencia de Xénero.
- Coñecer en que países está sendo prioritario as intervencións en situacións de violencia de xénero dende a Terapia Ocupacional.
- Describir as posibles relacións entre os picos álxidos en Violencia de Xénero e a publicación científica.
- Observar a evolución temporal que segue a abordaxe a estas situacións dende a Terapia Ocupacional.
- Explorar os lugares de procedencia dos/as autores/as máis implicados/as coa temática e os seus ámbitos e lugares de traballo.

3. METODOLOXÍA.

Realizouse unha análise bibliográfica sobre a produción científica actual en relación coa “Violencia de Xénero” e a “Terapia Ocupacional”.

Co fin de facilitar o seu análise, recolléronse tódalas variables de forma codificada a través do programa Microsoft Office Excel 2007. Para coñecer a folla de cálculo completa, consultar o apéndice 2 e 3, “*Resultados bibliométricos*” e “*Resultados temáticos*”.

3.1. Criterios de selección.

Temática. Baixo o termo de Violencia de Xénero enténdese calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público como na vida familiar ou persoal. (Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero). Durante a realización deste traballo, foi considerada tanto a violencia física como a psicolóxica, entendendo que ámbalas dúas conforman unha agresión machista.

Poboación de estudo. Dentro deste estudo, só se valoraron aquelas investigacións relacionadas coa violencia de xénero dentro da parella, quedando excluídas outro tipo de situacións que puideran considerarse como violencia machista.

O campo profesional no que se enmarcaron as investigacións foi a Terapia Ocupacional, sendo necesario que o/a autor/a do artigo fora terapeuta ocupacional ou que estivera dentro dun equipo interdisciplinar que traballase na temática.

Segundo a World Federation Occupational Therapy, a Terapia Ocupacional é unha “profesión da saúde centrada na persoa que promove a saúde e o benestar a través da ocupación.” (WFOT, 2012)

Tipo de estudo. Realizouse unha revisión bibliográfica de artigos orixinais e revisións bibliográficas. Quedaron fóra outro tipo de vías de información como fragmentos de libros relacionados coa temática. Non houbo límite de ano de publicación. Tampouco se limitou a procura por idioma nin país de procedencia.

3.2. Estratexia de procura.

A estratexia de procura levouse a cabo entre os meses de xaneiro e marzo do ano 2017. As bases de datos consultadas foron *Scopus*, *PubMed*, *Lilacs*, *WOS/Web of Science* e *OTSeeker*. Ademais tamén se realizou unha pequena procura manual dentro da plataforma Google Scholar. Para coñecer a estratexia de procura completa consultar o apéndice 4, “*Estratexia de procura*”.

3.3. Variables.

As **variables bibliométricas** que se analizaron foron as seguintes:

Base de datos: Destácase a procedencia de cada artigo con respecto ás bases de datos consultadas na estratexia de procura.

Ano: Data cronolóxica da publicación de cada un. Están incluídos tódolos estudos sen límite por ano de publicación co fin de non perder artigos relevantes.

País: Lugar de publicación do artigo ou procedencia do/a editor/a principal da revista onde foi publicado.

Ámbito: Enfoque ou especialidade sociosanitaria na que se desenvolveu o estudo.

Revista: Considéranse tanto revistas específicas de Terapia Ocupacional como doutras disciplinas.

Idioma: Lingua na que está publicado. Neste caso, non se puxo límite de idioma na procura bibliográfica.

Tipo de estudo: Fai referencia ao tipo de abordaxe, como por exemplo descritivo, explicativo, cohorte, casos e controis...

Autoría: Distínguese o número total de autores/as do artigo, podendo ser de autoría individual ou compartida.

Lugar de orixe: Destácase a procedencia xeográfica do/a primeiro/a autor/a do artigo.

Metodoloxía: Refírese á metodoloxía de análise empregada, considerando a cualitativa, a cuantitativa e a mixta.

Ámbito de traballo: Considéranse os lugares de traballo do/a primeiro/a autor/a.

Con respecto á **variable temática**, realízase unha distinción do tema principal de cada publicación e tamén dos enfoques que se identifican na literatura.

3.4. Selección de artigos.

Unha vez obtidos os resultados da procura, gardáronse as citas bibliográficas a través do xestor Zotero e procedeuse a eliminar os duplicados. Aqueles artigos que non eran compatibles coa pregunta de estudo debido a diferenzas na temática ou no ámbito, foron eliminados de forma manual tras a lectura dos seus títulos e resumos.

Logo de realizar a eliminación de duplicados, o número resultante foi de 33 artigos dos cales foron seleccionados 14, por afinidade e concordancia co tema (Fig. 2). Para coñecer os artigos seleccionados para este estudo, consultar o apéndice 5, “*Selección dos artigos.*”




Figura 2. Xestión de resultados. Fonte: Creación propia.

4. RESULTADOS.

4.1.- Resultados bibliométricos.

A continuación, preséntanse os gráficos realizados para cada variable bibliométrica para facilitar a comprensión dos seus resultados:

- **Base de datos.** A base de datos SCOPUS ofreceu a gran maioría dos artigos seleccionados para este estudo; un total de dez artigos. Os catro restantes proceden da plataforma Google Scholar. En canto as demais bases de datos consultadas, non se atoparon artigos que cumprisen cos criterios de inclusión e exclusión establecidos previamente. (Táboa I).

Táboa I. Resultados segundo a base de datos. Fonte: Creación propia.

Base de datos	Número de resultados
SCOPUS	9
PubMed	0
LILACS	0
OTSeeker	0
WOS/Web of Science.	0
Google Scholar	5

- **Ano de publicación.** O intervalo temporal de publicación sitúase entre o 2001 e o 2016. Os anos de maior produción científica son o 2004, o 2007 e o 2008 cun 44% do total. Dende o 2009 en adiante, a publicación estabilizouse nun 7% anual, existindo anos dentro deste intervalo nos que non houbo produción científica. (Figura 3.)




Figura 3. Ano de publicación dos artigos. Fonte: Creación propia.

- País de publicación da revista.** Dentro desta variable atopáronse resultados en cinco países diferentes: a maioría das revistas teñen o seu lugar de publicación en Estados Unidos, co 65% da produción científica total; o Reino Unido representa un 14% das publicacións e México, Australia e Nova Zelandia contan cun 7% cada un.(Fig. 4)




Figura 4. País de publicación da revista. Fonte: Creación propia.

- Ámbito.** A maior parte dos artigos, un 79%, leváronse a cabo dentro dun ámbito específico de disciplina de Terapia Ocupacional. A

porcentaxe restante divídese en tres ámbitos diferenciados: a Rehabilitación Física, a Psicoloxía e a Ciencia da Ocupación, estando esta última moi vinculada á disciplina da Terapia Ocupacional. (Figura 5)




Figura 5. Ámbitos dos estudos. *Fonte: Creación propia.*

- **Revista de publicación.** É necesario destacar que existe produción científica de oito revistas diferentes. Unha gran parte desta procede das revistas *Occupational Therapy in Mental Health* (36%), especializada na saúde mental, e a *Occupational Therapy in Health Care* (15%); ámbalas dúas son específicas da disciplina de Terapia Ocupacional.

Ademais, da *Journal of Interpersonal Violence* procede un 14% do total dos artigos, estando especializada en abordar todo tipo de conductas violentas, promovendo a súa prevención dentro da sociedade.

Finalmente, a porcentaxe restante provén tanto de revistas específicas da disciplina, como a *British Journal of Occupational Therapy* (7%), como doutras máis xerais ou de ámbitos compartidos, como a *Psicología y Salud* (7%), a *Disability and Rehabilitation* (7%), a

Scientific Research Journal (7%) ou xa máis relacionado co ámbito da ocupación, a *Journal of Occupational Science*, co 7% restante.




Figura 6. Revista de publicación. *Fonte: Creación propia.*

- **Idioma.** Aínda que na procura bibliográfica non se estableceu límite por idioma, tan só un dos artigos estaba escrito en español. O resto de publicacións foran publicadas en inglés. (Figura 7.)




Figura 7. Idioma de publicación. *Fonte: Creación propia.*

- **Tipo de estudo.** O 79% dos resultados eran estudos de investigación; o 21% restante, tratábase de revisións bibliográficas da literatura. Dentro dos estudos, recolléronse cinco tipos diferentes. O máis común foi o estudo fenomenolóxico, cun 29%, e o estudo descritivo, que representaba o 22% da totalidade. Logo destes, situouse o estudo quasi – experimental, co 14%. A porcentaxe restante proviña de dous estudos: un non – experimental e outro retrospectivo.

En canto as revisións bibliográficas destacáronse dous tipos diferentes: narrativa e crítica.




Figura 8. Tipo de estudo. Fonte: Creación propia.

- **Metodoloxía.** Detectáronse tres tipos de metodoloxía: cuantitativa, cualitativa e mixta (empregando ámbalas dúas). A máis empregada, foi a cualitativa, co 50% da totalidade da produción científica. En segundo lugar, situouse a metodoloxía cuantitativa, coa representación do 29%. Finalmente, a opción mixta referíase no 21% dos artigos valorados. (Figura 9.)

Metodoloxía




Figura 9. Metodoloxía empregada na publicación. *Fonte: Creación propia.*

- **Autoría.** Salvo un dos artigos que procedía dunha autoría individual, o número restante, un total de 13 publicacións, presentaban unha autoría compartida. O intervalo da autoría múltiple establecíase dende un par de autores/as a equipos de máis de cinco membros. (Fig. 10.)




Figura 10. Autoría da publicación. *Fonte: Creación propia.*

- **Lugar de orixe do/a primeiro/a autor/a:** En canto á procedencia da primeira autoría, os Estados Unidos conforman o 72% do total. A

percentaxe restante resulta doutros tres países: Canadá cun 14%, e o Reino Unido e España, cun 7% cada un. (Fig. 11).




Figura 11. Lugar de procedencia do/a primeiro/a autor/a.

Fonte: Creación propia.

- **Ámbito de traballo do/a primeiro/a autor/a:** Practicamente a totalidade dos/a primeiros/as autores/as dos artigos, un 93% do total, procedían do ámbito universitario. Tan só un 7% proviña dun ámbito de traballo diferente, neste caso do sanitario.




Figura 12. Ámbito de traballo do/a primeiro/a autor/a.

Fonte: Creación propia.

4.2. Resultados temáticos.

- **Tema principal do artigo.** A continuación, preséntase o tema principal de cada artigo seleccionado para este estudo. Esta síntese pretende establecer un pequeno guión das temáticas principais abordadas na literatura consultada. Lémbrese, que no apéndice 5, “*Selección dos resultados*”, e a modo de sintetizar a información, atópase a lista numerada de artigos, que coinciden coas referencias numéricas que se presentan a continuación.

[1]. Análise crítico-social do papel da Terapia Ocupacional na Violencia de Xénero.

[2]. Valoración da calidade de vida logo dun dano cerebral adquirido tras a Violencia de Xénero.

[3]. Análise crítico da evidencia científica sobre a intervención nas habilidades no marco da Violencia de Xénero.

[4]. Exploración das expectativas de superación dunha situación de Violencia de Xénero.

[5]. Exploración das perspectivas de superación dunha situación de Violencia de Xénero.

[6]. Descrición das necesidades e obxectivos das mulleres en situación de Violencia de Xénero.

[7]. Exploración das experiencias e obxectivos das mulleres logo da Violencia de Xénero.

[8]. Exploración dos coñecementos e experiencias de mulleres con discapacidade que viven a Violencia de Xénero.

[9]. Valoración das competencias dos/as terapeutas ocupacionais para a intervención e detección da Violencia de Xénero.

[10]. Intervención para a mellora das habilidades de emprego despois da Violencia de Xénero

[11]. Análise da presenza de síntomas e trastornos de saúde mental en mulleres en situación de Violencia de Xénero.

[12]. Exploración da Violencia de Xénero en mulleres con discapacidade dende unha perspectiva de xustiza ocupacional.

[13]. Análise teórica do maltrato psicolóxico dentro da parella.

[14]. Valoración das necesidades de saúde mental e das habilidades para a vida en mulleres que estiveron en situación de Violencia de Xénero.

- **Enfoques da literatura.** Logo de coñecer o tema principal abordado en cada artigo, emerxeron diferentes enfoques da práctica da Terapia Ocupacional con respecto á Violencia de Xénero. Estes enfoques presentan diferenzas entre eles, ofrecendo diversas perspectivas neste campo de actuación:

- Intervencións baseadas na mellora das habilidades perdidas ou afectadas logo dun proceso de Violencia de Xénero.
- Exploración e visibilización das experiencias, necesidades, expectativas e vivencias das mulleres en situación de Violencia de Xénero.
- Análises críticos do papel dos/as terapeutas ocupacionais dentro do fenómeno da Violencia de Xénero.

5. DISCUSIÓN.

O obxectivo deste estudo é coñecer e explorar a investigación existente con respecto á abordaxe da Violencia de Xénero dende a Terapia Ocupacional. Os resultados obtidos ofrecen diversas cuestións para discutir.

A gran maioría dos artigos seleccionados proceden da base de datos SCOPUS, caracterizada por ser multidisciplinar e abordar tanto investigacións de ámbito científico coma social. Isto era o esperado na formulación da revisión, xa que o obxecto de estudo, a Violencia de Xénero, é un fenómeno social que se aborda dende moitas profesións, non existindo unha única visión para o seu entendemento. Así, “comprendendo ao ser humano dende unha perspectiva bio-psico-social, e atendendo á gran complexidade que presenta o fenómeno da Violencia de Xénero, é preciso un equipo multidisciplinar e especializado nesta problemática para poder levar a cabo unha abordaxe integral.” (Romero I, 2010, p.193)

En canto ao período de publicación, a pesar de non establecer ningunha limitación temporal na procura bibliográfica, este vai dende o ano 2001 ata o 2016. Isto pode ser debido á publicación dunha gran cantidade de informes globais, como os que presenta a Organización Mundial da Saúde periodicamente, que salientan no problema da Violencia de Xénero e na necesidade urxente de traballar para a súa erradicación de forma colectiva, sendo parte desta acción os/as terapeutas ocupacionais. (OMS, 2013) Ademais, o único artigo procedente de autoras españolas, foi publicado no ano 2010, existindo xa na lexislatura nacional unha lei orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero. (BOE, Lei Orgánica 1/2004)

Logo de valorar os países onde foi maior a publicación, é moi significativa a representación dos Estados Unidos, xa que nove dos catorce artigos

seleccionados procedían deste país. Isto, pódese deber tanto ao gran desenvolvemento da Terapia Ocupacional neste país, sendo o pioneiro do nacemento da nosa profesión, como tamén relacionarse coa publicación en lingua inglesa e a súa predominancia no ámbito de investigación. Isto faise evidente nesta revisión, xa que aínda que non se estableceu ningunha limitación idiomática, o 93% da totalidade dos resultados están escritos en Inglés.

Así mesmo, o lugar de procedencia do/a primeiro/a autor/a, tamén se corresponde ao país de publicación, sendo a gran maioría autoras/es estadounidenses. Esta dominancia anglosaxona na literatura científica pode ser debida ao que se destaca como “un diferencial de poder académico onde os países anglosaxóns dominan o escenario intelectual, do mesmo xeito que dominan o escenario económico.” (Simó S., 2010, p.2). Isto pode ser unha gran limitación para coñecer as diferentes aportacións que proveñen doutros lugares e a través doutros idiomas, podendo perderse visións e traballos de gran valor.

Respecto ás revistas científicas de publicación, existe unha gran variedade, oito en total. A metade, son específicas da disciplina de Terapia Ocupacional e o outro 50% procede de revistas compartidas con outras profesións. Sen embargo a investigación dende Terapia Ocupacional en Violencia de Xénero preséntase de gran urxencia xa que aínda atopándose nunha “posición privilexiada para poder apoiar ás mulleres que viven estas situacións, a literatura identifica unha deficiencia na educación dos/as terapeutas ocupacionais nesta área” (Cage A., 2007, p. 196).

En canto á autoría dos traballos valorados, esta é compartida no 93% dos casos. Isto é de gran riqueza para a disciplina e para a temática, xa que formar equipos de traballo que aborden dende diferentes miradas a Violencia de Xénero é unha acción fundamental para a erradicación desta. Traballar como sociedade de xeito conxunto é unha das medidas establecidas na Lei Orgánica 1/2004 en contra da Violencia de Xénero.

Se se relacionan os resultados obtidos cos ámbitos de investigación de procedencia dos/as autores/as, trece dos catorce artigos proviñan do ámbito universitario. Isto pode deberse a que o acceso á actividade investigadora pode resultar máis sinxela a través dunha institución universitaria ou dun/ha profesional que traballe dentro da universidade, a través de programas como os mestrados ou doutorados.

A maioría das/os autoras/es empregan unha metodoloxía de tipo cualitativa, realizando estudos fenomenolóxicos onde o centro da intervención reside nas experiencias e vivencias das mulleres que viven as situacións de violencia. Isto concorda coa investigación de Anna Park Lala & Elizabeth Anne Kinsella (2011) que consideran que “a fenomenoloxía ten un gran potencial para contribuír ás conversacións académicas sobre o estudo da ocupación humana e poder así iluminar a centralidade da ocupación na vida cotiá” (Anna Park Lala & Elizabeth Anne Kinsella, 2011). Ademais, situar a voz das mulleres protagonistas no centro da intervención, é coherente coa filosofía humanista e holista que enmarca a práctica da Terapia Ocupacional, “onde as persoas están situadas dentro dun contexto sociocultural que non pode como tal, ser considerado illado do seu entorno nin da súa ocupación.” (Clarke, C., 2009, p.39)

Dentro das temáticas dos artigos seleccionados, existen diferentes liñas principais da intervención dende Terapia Ocupacional. Diversas/os autoras/es afirman que é de gran relevancia enfocar a práctica á mellora da calidade de vida a través da recuperación das habilidades perdidas por mor de danos físicos ou mentais que poidan estar impedindo á muller a facer cambios positivos na súa vida (Gutman et al, 2004). Ademais, tamén se evidencia na literatura a “necesidade da investigación para deseñar, implementar e avaliar intervencións baseadas nas habilidades para a vida diaria das mulleres que sobreviviron á Violencia de Xénero.” (Helfrich e Rivera, 2006).

Por outra banda, outras/os autoras/es apostan por procesos terapéuticos centrados nas experiencias que relatan as mulleres, podendo así extraer vivencias clave para a prevención da violencia e os seus riscos para a saúde das mulleres que a viven. Así, destacan a necesidade de “esforzarse dende a disciplina de Terapia Ocupacional para entender e apreciar as complexas relacións que teñen lugar en diversos contextos, valorando os significados que cada persoa lle dá.” (Keiter, Bess e Mowery, 2013)

Retomando o concepto de saúde compartido pola OMS, é necesario lembrar a importancia dunha visión integral da persoa, onde conflúan os aspectos físicos, mentais e sociais, evitando unha mirada incompleta e parcial desta. (OMS,1946). É por isto polo que é necesario comprender en profundidade o fenómeno da Violencia de Xénero, xa que é a expresión dunha inxustiza ocupacional, onde a participación en ocupacións significativas das mulleres que a viven resulta gravemente afectada. (Smith e Hilton 2008)

Posibles limitacións do estudo.

Debido a que a nomenclatura referida á Violencia de Xénero é moi cambiante dun país a outro, é posible que na elaboración da estratexia de procura puidera quedar excluído por descoñecemento algún termo específico relacionado coa temática.

Finalmente, pode que existan outras bases de datos, ademais das consultadas, que resulten de interese para posteriores revisións do tema.

6. CONCLUSIÓNS.

Se ben é certo que nos últimos anos a evidencia científica amosa unha maior preocupación en canto á temática abordada, a gran maioría dos artigos seleccionados para esta revisión concordan na necesidade de promover e potenciar a investigación referida á Violencia de Xénero e á Terapia Ocupacional, sendo este un ámbito aínda sen desenvolver profunda e exhaustivamente.

Así, faise preciso continuar na procura de novas formas de aproximarse a este fenómeno como profesionais, podendo así aportar unha mirada crítica para unha realidade social que afecta a millóns de mulleres no mundo só polo feito de selo.

AGRADECIMENTOS.

Ás titoras deste traballo: Nereida e María. Ámbalas dúas mestras desta etapa que remata e compañeiras deste proxecto final. Sen vós, isto non tería saído adiante. Grazas polo voso apoio e a vosa confianza.

Ao meu pai Marcelino e á miña nai Pilar que criaron a tres fillas na liberdade e na igualdade, valorando os seus soños e as súas capacidades. Papá, grazas por tódalas horas de traballo baixo a choiva e o vento; sei canto esforzo hai detrás desta gran oportunidade. Mamá, grazas polas mañás de treboada nas que fuches traballar entre máquinas de costura; o teu cariño e coidado foi fundamental para chegar ata aquí.

As miñas dúas irmás, Laura e Irene: que aburrida sería a vida sen volas dúas. Grazas por ensinarme a ser, a sentir e a vivir. Sodes o maior dos tesouros que teño. Quérovos un mundo.

Ao meu amor, compañeiro de vida, inesperado agasallo desta etapa vital. Ángel, sen o teu apoio e a túa confianza, superar as adversidades tería sido moito máis complicado. O teu respecto pola miña profesión é un dos meus motores para seguir. *Te requiero compañerito del alma.*

A tódalas persoas que compartiron vida comigo estes catro anos, e que dunha forma ou doutra fixéronme medrar.

Ao meu mestre de Lingua Castelá do instituto, Javier Gil. As cousas grandes fanse en aulas pequenas a través de mestres que fan o mellor dos traballos día tras día. Non sabes canto te debo. Gran parte do que son agora é grazas a ti.

A Trina; quen puidera cantar de novo xunto a ti.

E finalmente, este traballo é por vós e para vós. A tódalas mulleres que son privadas da súa liberdade como persoas e sometidas a unha vida desigual e inxusta. Ás que sobreviviron á violencia de xénero, ás que aínda están loitando por conseguilo e por suposto, ás que lles foi arrebatada a vida tan só por nacer muller.

BIBLIOGRAFÍA REFERENCIADA.

- Borrell, C. & Artazcoz, L. (2007). Género y Salud . En: Libro blanco sobre mujeres y tabaco. Abordaje con una perspectiva de género. (11-22). Zaragoza: Comité para la Prevención del Tabaquismo y Ministerio de Sanidad y Consumo. Recuperado de: http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/libro%20blanco_mujeres_tabaquismo.pdf
- Guajardo, A., & Simó, S. (2010). Una Terapia Ocupacional basada en los derechos humanos. *Revista Electrónica de Terapia Ocupacional Galicia (A Coruña)*. [Revista en Internet]. [15/04/17]. Sitio web: <http://www.revistatog.com/num12/pdfs/maestros.pdf>
- Gutman, S. A., et al. (2004). Enhancing Independence in Women Experiencing Domestic Violence and Possible Brain Injury: An Assessment of an Occupational Therapy Intervention. *Occupational Therapy in Mental Health*, 20(1), 49-79. Recuperado de: https://doi.org/10.1300/J004v20n01_03
- Helfrich, C. A., & Rivera, Y. (2006). Employment skills and domestic violence survivors: A shelter-based intervention. *Occupational Therapy in Mental Health*, 22(1), 33-48. Recuperado de: https://doi.org/10.1300/J004v22n01_03
- Instituto Nacional de Estadística (INE). (2016). Víctimas mortales por violencia de género por periodo. [06/04/17]. Sitio web: <http://www.ine.es/>
- Javaherian-Dysinger, H., et al. (2016). Occupational Needs and Goals of Survivors of Domestic Violence. *Occupational Therapy in Health Care*, 30(2), 175-186. Recuperado de: <https://doi.org/10.3109/07380577.2015.1109741>

- Kielhofner, G. (2006). El paradigma contemporáneo: un retorno a la ocupación como el centro de la profesión. En: Fundamentos conceptuales de la Terapia Ocupacional (66-71). Buenos Aires: Ed. Médica Panamericana.
- Krieger, N. (2003). Genders, sexes, and health: what are the connections—and why does it matter? . *Int J Epidemiol* , 32;4, 652-657. Recuperado de: <https://academic.oup.com/ije/article-lookup/doi/10.1093/ije/dyg156>
- Lerner, G. (1990). La creación del patriarcado. New York: Crítica.
- Ley Orgánica 1/2004 de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género. Boletín Oficial del Estado (BOE), España, 28 de diciembre de 2004.
- Organización de las Naciones Unidas. (1979). Convención sobre la Eliminación de todas las formas de discriminación contra la mujer. [06/04/17]. Sitio web: <http://www.un.org/womenwatch/daw/cedaw/text/sconvention.htm>
- Organización de las Naciones Unidas. (2016). Objetivos del Desarrollo Sostenible. [03/04/17]. Sitio web: <http://www.un.org/sustainabledevelopment/es/objetivos-de-desarrollo-sostenible/>
- Organización Mundial de la Salud. (2009). Subsanan las desigualdades en una generación: alcanzar la equidad sanitaria actuando sobre los determinantes sociales de la salud. Buenos Aires, Argentina: Ediciones Journal S.A.
- Organización Mundial de la Salud. (2013). Estimaciones mundiales y regionales de la violencia contra la mujer: prevalencia y efectos de la violencia conyugal y de la violencia sexual no conyugal en la salud. Suíza. Recuperado de:

http://apps.who.int/iris/bitstream/10665/85239/1/9789241564625_eng.pdf?ua=1

Organización Mundial de la Salud. (2016). Datos y cifras. Nota descriptiva. [06/04/17]. Sitio web: <http://www.who.int/mediacentre/factsheets/fs239/es/>

Organización Mundial de la Salud. (2016). Violencia Contra la Mujer. Nota de Prensa. [03/04/17]. Sitio web: <http://www.who.int/mediacentre/factsheets/fs239/es/>

Park Lala, A. & Kinsella, E. (2011). Phenomenology and the Study of Human Occupation. *Journal of Occupational Science*, 18:3, 195-209. Recuperado de: <http://www.tandfonline.com/doi/pdf/10.1080/14427591.2011.581629>

Romero, I. (2010). Intervención en Violencia de Género. Consideraciones en Torno al Tratamiento. *Psychosocial Intervention*, 19;2, 191-199. Recuperado de: <http://scielo.isciii.es/pdf/inter/v19n2/v19n2a10.pdf>

Townsend, E. & Wilcock, A. (2004). Occupational justice and client-centred practice: A dialogue in progress. *Canadian Journal of Occupational Therapy*, 71(2), 75-87.

Walker, L. (1979). *El Síndrome de la Mujer Maltratada*. Ed. Desclée de Brouwer.

Whiteford, G. (2000). Occupational Deprivation: Global challenge in the new millenium. *British Journal of Occupational Therapy*, 64, 200-210.

Yoshida, K. K., Odette, F., Hardie, S., Willis, H., & Bunch, M. (2009). Women living with disabilities and their experiences and issues related to the context and complexities of leaving abusive situations. *Disability and Rehabilitation*, 31(22), 1843-1852. <https://doi.org/10.1080/09638280902826808>

APÉNDICES

Apéndice I: Índice de acrónimos.

BOE	Boletín Oficial do Estado
ODS	Obxectivos do Desenvolvemento Sostible
OMS	Organización Mundial da Saúde
ONU	Organización das Nacións Unidas
WFOT	Federación Mundial de Terapeutas Ocupacionais

Apéndice II: Resultados bibliométricos.

NÚMERO	BASE DE DATOS	AÑO DE PUBLICACIÓN	PAÍS DE PUBLICACIÓN	ÁMBITO	REVISTA	IDIOMA	DISEÑO DE ESTUDIO	LUGAR DE ORIGEN	AUTORÍA INDIVIDUAL	METODOLOGÍA	ÁMBITO DE TRABAJO
[1]	SCOPUS	2007	Reino Unido	Terapia Ocupacional	British Journal of Occupational Therapy	Inglés	Revisión crítica da literatura	Reino Unido	Si	Cualitativa	Universidade
[2]	SCOPUS	2004	Estados Unidos	Terapia Ocupacional	Occupational Therapy in Mental Health	Inglés	Diseño de investigación quasi-experimental	Estados Unidos	Non	Mixta	Universidade
[3]	Google Scholar	2012	Australia	Terapia Ocupacional	Scientific Research Journal	Inglés	Revisión crítica da literatura	Canadá	Non	Mixta	Hospital
[4]	SCOPUS	2014	Estados Unidos	Terapia Ocupacional	Occupational Therapy in Mental Health	Inglés	Estudio fenomenológico	Estados Unidos	Non	Cualitativa	Universidade
[5]	SCOPUS	2013	Estados Unidos	Terapia Ocupacional	Occupational Therapy in Mental Health	Inglés	Estudio fenomenológico	Estados Unidos	Non	Cualitativa	Universidade
[6]	SCOPUS	2016	Estados Unidos	Terapia Ocupacional	Occupational Therapy in Health Care	Inglés	Estudio retrospectivo	Estados Unidos	Non	Cuantitativa	Universidade
[7]	SCOPUS	2007	Estados Unidos	Terapia Ocupacional	Occupational Therapy in Health Care	Inglés	Estudio fenomenológico	Estados Unidos	Non	Cualitativa	Universidade

Violencia de Género e Terapia Ocupacional

[8]	SCOPUS	2009	Reino Unido	Rehabilitación física	Disability and Rehabilitation	Inglés	Estudio fenomenológico	Canadá	Non	Cualitativa	Universidade
[9]	SCOPUS	2001	Estados Unidos	Terapia Ocupacional	Occupational Therapy in Mental Health	Inglés	Estudio non - experimental	Estados Unidos	Non	Cuantitativa	Universidade
[10]	SCOPUS	2006	Estados Unidos	Terapia Ocupacional	Occupational Therapy in Mental Health	Inglés	Estudio quasi-experimental	Estados Unidos	Non	Mixta	Universidade
[11]	Google Scholar	2008	Estados Unidos	Terapia Ocupacional	Journal of Interpersonal Violence	Inglés	Estudio descriptivo	Estados Unidos	Non	Cuantitativa	Universidade
[12]	Google Scholar	2008	Nova Zelanda	Ciencia da Ocupación	Journal of Occupational Science	Inglés	Estudio descriptivo	Estados Unidos	Non	Cuantitativa	Universidade
[13]	Google Scholar	2010	México	Psicología	Psicología y Salud	Español	Revisión narrativa da literatura	España	Non	Cualitativa	Universidade
[14]	Google Scholar	2004	Estados Unidos	Terapia Ocupacional	Journal of Interpersonal Violence	Inglés	Estudio descriptivo	Estados Unidos	Non	Cualitativa	Universidade

Apéndice III: Resultados temáticos.

[1]	<ul style="list-style-type: none">• Análise crítico-social do papel da Terapia Ocupacional na Violencia de Xénero
[2]	<ul style="list-style-type: none">• Valoración da calidade de vida logo dun dano cerebral adquirido tras a Violencia de Xénero.
[3]	<ul style="list-style-type: none">• Análise crítico da evidencia científica sobre a intervención nas habilidades no marco da Violencia de Xénero.
[4]	<ul style="list-style-type: none">• Exploración das expectativas de superación dunha situación de Violencia de Xénero.
[5]	<ul style="list-style-type: none">• Exploración das perspectivas de superación dunha situación de Violencia de Xénero.
[6]	<ul style="list-style-type: none">• Descrición das necesidades e obxectivos das mulleres en situación de Violencia de Xénero.
[7]	<ul style="list-style-type: none">• Exploración das experiencias e obxectivos das mulleres logo da Violencia de Xénero.
[8]	<ul style="list-style-type: none">• Exploración dos coñecementos e experiencias de mulleres con discapacidade que viven a Violencia de Xénero.
[9]	<ul style="list-style-type: none">• Valoración das competencias dos/as terapeutas ocupacionais para a intervención e detección da

Violencia de Xénero.

- [10] • Intervención para a mellora das habilidades de emprego despois
Violencia de Xénero
 - [11] • Análise da presenza de síntomas e trastornos de saúde mental en mulleres en situación de Violencia de Xénero.
 - [12] • Exploración da Violencia de Xénero en mulleres con discapacidade dende unha perspectiva de xustiza ocupacional.
 - [13] • Análise teórica do maltrato psicolóxico dentro da parella.
 - [14] • Valoración das necesidades de saúde mental e das habilidades para a vida en mulleres que estiveron en situación de Violencia de Xénero.
-

Apéndice IV: Estratexia da procura bibliográfica.

- SCOPUS.

((Woman OR women OR girl*) AND (violence OR agress OR "Violence against women" OR "domestic violence") AND ("occupational therapy" OR occupational therapist* OR ergotherap*))

- PUBMED.

((Woman OR women OR girl*) AND (violence OR agress OR "Violence against women" OR "domestic violence") AND ("occupational therapy" OR occupational therapist* OR ergotherap*))

- OTSeeker.

((Woman OR women OR girl*) AND (violence OR agress OR "Violence against women" OR "domestic violence") AND ("occupational therapy" OR occupational therapist* OR ergotherap*))

- WOS/Web of Science.

((Woman OR women OR girl*) AND (violence OR agress OR "Violence against women" OR "domestic violence") AND ("occupational therapy" OR occupational therapist* OR ergotherap*))

- LILACS.

((Mujer OR mujeres) AND (violencia OR agresión OR feminicidio OR “violencia contra la mujer” OR “violencia de género” OR “violencia doméstica”) AND (“terapia ocupacional” OR terapeuta ocupacional* OR ergoterapia))

- Google Scholar.

Terapia Ocupacional AND Violencia de Género// Occupational therapy AND domestic violence// Occupational Therapy AND violence against women.

Apéndice V: Selección final de artículos.

1. Cage, A. (2007). Occupational therapy with women and children survivors of domestic violence: Are we fulfilling our activist heritage? A review of the literature. *British Journal of Occupational Therapy*, 70(5), 192-198.
2. Gutman, S. A., Diamond, H., Holness-Parchment, S. E., Brandofino, D. N., Pacheco, D. G., Jolly-Edouard, M., & Jean-Charles, S. (2004). Enhancing Independence in Women Experiencing Domestic Violence and Possible Brain Injury: An Assessment of an Occupational Therapy Intervention. *Occupational Therapy in Mental Health*, 20(1), 49-79. https://doi.org/10.1300/J004v20n01_03
3. Lopaschuk, F. & Brown, C.A. (2012). The Effectiveness of Skill-Based Intervention for Female Victims of Intimate Partner Violence A Critical Review. *Scientific Research*, 2;1, 30-36. Recuperado de: <http://dx.doi.org/10.4236/aasoci.2012.21004>
4. Humbert, T. K., Engleman, K., & Miller, C. E. (2014). Exploring Women's Expectations of Recovery From Intimate Partner Violence: A Phenomenological Study. *Occupational Therapy in Mental Health*, 30(4), 358-380. <https://doi.org/10.1080/0164212X.2014.970062>
5. Humbert, T. K., Bess, J. L., & Mowery, A. M. (2013). Exploring Women's Perspectives of Overcoming Intimate Partner Violence: A Phenomenological Study. *Occupational Therapy in Mental Health*, 29(3), 246-265. <https://doi.org/10.1080/0164212X.2013.819465>
6. Javaherian-Dysinger, H., Krpalek, D., Huecker, E., Hewitt, L., Cabrera, M., Brown, C., Server, S. (2016). Occupational Needs and Goals of Survivors of Domestic Violence. *Occupational Therapy in*

Health Care, 30(2), 175-186.
<https://doi.org/10.3109/07380577.2015.1109741>

7. Javaherian, H., Krabacher, V., Andriacco, K., & German, D. (2007). Surviving domestic violence: Rebuilding one's life. *Occupational Therapy in Health Care*, 21(3), 35-59.
https://doi.org/10.1300/J003v21n03_03
8. Yoshida, K. K., Odette, F., Hardie, S., Willis, H., & Bunch, M. (2009). Women living with disabilities and their experiences and issues related to the context and complexities of leaving abusive situations. *Disability and Rehabilitation*, 31(22), 1843-1852.
<https://doi.org/10.1080/09638280902826808>
9. Johnston, J. L., Adams, R., & Helfrich, C. A. (2001). Knowledge and Attitudes of Occupational Therapy Practitioners Regarding Wife Abuse. *Occupational Therapy in Mental Health*, 16(3-4), 35-52.
https://doi.org/10.1300/J004v16n03_03
10. Helfrich, C. A., & Rivera, Y. (2006). Employment skills and domestic violence survivors: A shelter-based intervention. *Occupational Therapy in Mental Health*, 22(1), 33-48.
https://doi.org/10.1300/J004v22n01_03
11. Helfrich, C.A., Fujiura, G.T., Rutkowski-Kmitta, V. (2008). Mental Health Disorders and Functioning of Women in Domestic Violence Shelters. *Journal of Interpersonal Violence*, 23;4, 437 – 453.
12. Smith, D.L. & Hilton, C.L. (2008). An occupational justice perspective of domestic violence against women with disabilities.

Journal of Occupational Science, 15:3, 166-172, DOI:
10.1080/14427591.2008.9686626

13. Blázquez, M., Moreno J.M., García, M.E. (2010). Revisión teórica del maltrato psicológico en la violencia conyugal. *Psicología y Salud*, 20;1, 65-75.
14. Gorde, M.W., Helfrich, C.A., Finlayson, M.L.. (2004). Trauma Symptoms and Life Skill Needs of Domestic Violence Victims. *Journal of Interpersonal Violence*, 19;6, 691-708

